

Actividade: Cuestionario

Que é?

En xeral, para nós, é o equivalente a unha **proba obxectiva ou exame** nas clases presenciais. Consistirá, polo tanto, nunha serie de cuestións de diverso tipo que o alumnado deberá responder e sobre a que estableceremos unha cualificación en base a uns criterios preestablecidos. Dependendo do tipo de pregunta, a cualificación será automática e inmediata.

É unha ferramenta moi potente e flexible que tamén se pode utilizar en avaliacións iniciais (para ter unha primeira idea do grao de coñecementos e habilidades por parte dos estudantes), en exames tipo test (coa vantaxe de que o cuestionario se pode xerar aleatoriamente ademais da mencionada corrección automática e inmediata), para facilitar aos estudantes o seguimento do seu propio rendemento, como instrumento de reforzo e repaso, etc. En todos os casos, é fundamental que os cuestionarios estean ben deseñados para que realmente sirvan ao logro dos seus obxectivos.

O propósito deste módulo é, fundamentalmente, proporcionar ao alumnado unha forma doada de seguir o seu progreso no proceso de estudo e aprendizaxe. Se aos contidos dun tema achegamos un cuestionario sobre este, o alumno pode contestalo e, segundo a cualificación que obteña, sabe inmediatamente o que lle falta por estudar. Trátase dunha avaliación formativa. É, polo tanto, un mecanismo de reforzo importante para a consolidación da información aprendida. Tamén introduce unha fonte de motivación extra.

Nas aulas ABALAR poderíanse utilizar como exames xa que todo o alumnado dispón do seu netbook.

As **características básicas** dos cuestionarios son:


- Poden crearse cuestionarios cunha gran variedade de tipos de preguntas (opción múltiple, verdadeiro/falso, resposta curta, encher ocos, etc.).
- As preguntas organízanse por categorías dentro un banco de preguntas e poden ser reutilizadas no mesmo curso ou noutros cursos.
- Pódense xerar cuestionarios aleatorios a partir das preguntas almacenadas no banco de preguntas.
- As preguntas poden crearse en HTML, con elementos multimedia e poden importarse dende arquivos de texto externos.
- Os cuestionarios poden ter un límite de tempo a partir do cal non estarán dispoñibles.
- As preguntas e as respostas dos cuestionarios poden ser mesturadas (aleatoriamente) para dificultar a copia entre o alumnado.
- Pódese permitir aos estudantes realizar intentos repetidos sobre unha pregunta ou ben que respondan o cuestionario varias veces (coa opción de que cada intento se constrúa sobre o anterior). Cada intento será rexistrado e cualificado podendo elixir o docente se se debe mostrar algún comentario ou as respostas correctas ao finalizar a actividade.
- Un cuestionario pódese resolver en varias sesións, podendo continuarse dende a última páxina da anterior sesión.

Creación e configuración dun cuestionario

Crear un cuestionario é sinxelo pero laborioso.

O primeiro que debemos facer é crealo e configuralo mediante o formulario que se abre cando eliximos a opción cuestionarios no menú de actividades. Debemos darlle un **nome** e facer unha **introdución** (información para o alumnado antes de iniciar o cuestionario). Logo poderemos configurar os seguintes aspectos:

Abrir o cuestionario: Esta opción permite establecer a data exacta na cal se abrirá o cuestionario.



Xeral

Nome*

Introdución ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma **B** *I* U **S** x_2 x^2

Camión: ?

Coordinación

Abrir o cuestionario ? 22 Outubro 2011 16 00 Desactivar

Pegar o cuestionario ? 22 Outubro 2011 16 00 Desactivar

Tempo límite ? 0 Activar

Atraso da segunda tentativa en relación coa primeira ? Ningún

Atraso entre tentativas posteriores ? Ningún

Mostrar

Preguntas por páxina ? Ilimitado

Barallar preguntas ? Non

Barallar dentro das preguntas ? Si

Tentativas

Tentativas permitidas ? Número de tentativas ilimitado

Cada tentativa constrúese a partir da última ? Non

Modo adaptable ? Si

Cualificacións

Método de avaliación ? A cualificación máis alta

Pegar o cuestionario: Esta opción permite establecer a data exacta na cal se pechará o cuestionario.

Tempo límite: Esta opción establece o tempo que ten o alumnado para facer o cuestionario. Se o tempo está en 0, entón o alumnado non ten límite de tempo para poder responder ao cuestionario. Cando está activado o cadro de verificación deberemos indicar os minutos que poden empregar en cumprimentalo.

Atraso da segunda tentativa en relación coa primeira: Esta opción permite establecer o tempo que debe de transcorrer entre a primeira tentativa e a segunda. Se poñemos ningún entón o alumnado poderá repetir inmediatamente despois de intentalo unha primeira vez. Esta opción non terá sentido se especificamos (máis adiante) unha única tentativa!

Atraso entre tentativas posteriores: Esta opción permite establecer o tempo que debe de transcorrer entre a segunda tentativa e a terceira e entre as sucesivas.

Preguntas por páxina: Esta opción permite establecer o número máximo de preguntas que haberá por páxina.

Barallar preguntas: Esta opción permite variar a orde das preguntas do cuestionario, cambiando a mesma con cada tentativa.

Barallar dentro das preguntas: o mesmo que a anterior pero dentro de cada pregunta; por exemplo reordenar as respostas dunha cuestión de múltiples respostas.

Tentativas permitidas: Esta opción permite establecer o número máximo de tentativas permitidas por parte do alumnado á hora de contestar aos cuestionarios.

Cada tentativa constrúese a partir da última: Si se permiten varios intentos e se selecciona si, cada nova tentativa conterá o resultado da anterior. Isto permite completar unha pregunta a través de varios intentos, facilitando así a consecución da resposta correcta por parte do alumnado.

Modo adaptable: Esta opción permite ao alumnado corrixir inmediatamente despois de contestar erroneamente unha pregunta, podendo responder de novo á cuestión proposta.

Método de avaliación: Esta opción permite establecer o método de cualificación do cuestionario, podemos elixir entre catro opcións: cualificación máis alta, cualificación media, primeira tentativa ou última tentativa.

Aplicar penalizacións: Esta opción permite establecer penalizacións naquelas preguntas que se responden por segunda vez ou máis. Se temos activado o método adaptable é recomendable activar esta opción.

Número de decimais das cualificacións: Esta opción permite establecer decimais na avaliación das preguntas. Nel podemos indicar o número de decimais que queremos ter.

Os/as estudantes poden facer revisións: Esta opción controla se os estudantes poden revisar as súas tentativas pasados despois de resolver o cuestionario e cando poderán facelo.


Mostrar exame nunha xanela "segura": Esta opción permite dar máis seguridade á hora de realizar o cuestionario (é preciso ter java activado).

Require contrasinal: Esta opción permite establecer un contrasinal para poder realizar o cuestionario.

Require enderezo de rede: Esta opción permite establecer que rango de IP's poden realizar o cuestionario. **SÓ TEN SENTIDO CANDO TODO O ALUMNADO O FAI NUNHA REDE LOCAL.**


Avaliación total: Esta opción permite establecer o comentario valorativo que terá o alumnado cando finalicen o cuestionario. En función da porcentaxe que se obteña, poderán ter unha valoración ou outra.

Finalmente premeremos no botón "Gardar e continuar" e accederemos á páxina onde poderemos construílo engadindo cuestións.




Creación e edición do banco de preguntas

O banco de preguntas é onde teremos amoreadas as cuestións que vaiamos creando. Cando teñamos un número elevado farase necesario agrupalas por categorías o que logo nos facilitará a súa localización. Poderemos crear categorías e subcategorías premendo no botón "Editar categorías". É importante acordar unha xerarquización de categorías e subcategorías se pretendemos publicalas para que estean accesibles dende calquera curso.



Para evitar unha marfallada de categorías lembre de pechar o ollo.




Para crear unha nova pregunta despregamos o menú e eliximos o tipo de cuestión que queremos engadir.

Tipos de cuestións

Calculado

Consiste nunha pregunta na que o alumnado deberá facer unha operación de cálculo definida por nós mediante unha expresión matemática do tipo " $a+b/c=$ " ou calquera das [funcións matemáticas admitidas en php](#). Logo de darlle un nome e asignarlle unha categoría, debemos escribir o enunciado da pregunta coa fórmula que queiramos para o cálculo lembrándonos de poñer os valores numéricos entre {} (ver a imaxe)



Xeral

Categoría: Predefinido
Actualizar a categoría

comodíns compartidos: Ningún comodín compartido nesta categoría

Nome da pregunta*: Calculado1

Texto da pregunta ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma

Calcula {a}/{b}:

Camiño: ?

Formato ? Formato HTML

Imaxe para mostrar: Ningún

Cualificación da pregunta predefinida*: 1

Factor de penalización* ? 0.1

Logo é necesario indicar a fórmula coa que se obterá a resposta correcta, a avaliación (100%) e o erro permitido e como calculalo(ver imaxe).

Resposta

Fórmula de resposta correcta= {a}/{b}

Cualificación: 100 %

Tolerancia ±: 0.01

Tipo de tolerancia: Relativo

Móstrase a resposta correcta: 2

Formato: decimais

Dándolle ao botón "Páxina seguinte" pasaremos a outro formulario onde indicar o conxunto de datos a utilizar e volvendo a premer no botón "Páxina seguinte" poderemos definir o rango de valores para cada parámetro (ver imaxe).

Actualizar os parámetros dos conxuntos de datos

Elemento para engadir

Parámetro {a} 2.4

Intervalo de valores 1.0 10.0

Número de decimais 1

Distribución Uniforme

Parámetro {b} 4.9

Intervalo de valores 1.0 10.0

Número de decimais 1

Distribución Uniforme

{a}/{b} 2.4/4.9 = 0.49
Mín.: 0.4851--Máx.: 0.4949

Engadir

Seguinte 'Elemento para engadir'

reutilizar valores previos se están dispoñibles

forzar rexeneración

Obter novo 'Elemento para engadir' agora

Engadir 1 elemento(s)

Descrición

Non é unha pregunta senón unha explicación (con imaxe ou sen ela) para informar sobre algo referente ao cuestionario (instrucións para contestar un grupo de preguntas) ou para lembrarilles algo dos contidos sobre o que se lles vai a facer preguntas.

Ensaio

Consiste nunha pregunta da que se espera unha resposta tipo texto polo que ao alumnado lle aparecerá un cadro de texto no que poderán redactar a súa resposta. Evidentemente a cualificación deste tipo de preguntas non é automática e o profesor deberá cualificar manualmente.

Exemplo de pregunta tipo ensaio. →

1

Para que se pode utilizar o tipo de pregunta "descrición"?

Notas: -- /1

Resposta:

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma

Camión


Enviar

Emparellamento

Neste tipo de pregunta poderemos facer que o alumnado relacione conceptos de dúas columnas emparellándoos correctamente. No formulario para crear estas preguntas deberemos (ademais de darlle un nome, escribir un enunciado, etc.) indicar os conceptos emparellándoos correctamente. Un exemplo de este tipo de cuestión podería ser...

1 Indica o que representa cada número na imaxe.

Notas: --/1



5

6

1

2

8

7

4

3

Enviar

Escolla...

Escolla...

Escolla...

Escolla...

Escolla...

Escolla...

Escolla...

Escolla...

Escolla...

Bloque de busca

Bloque actividades

Esquema xeral do curso

Enviar páxina

Enviar todo e te

Respostas inseridas

Trátase dun texto no que faltan certos conceptos que o alumnado debe inserir. Eses conceptos a inserir poden ser de escolla múltiple, resposta curta ou tamén numérica.

No formulario de creación teremos que darlle un nome á pregunta e logo introducir o texto que queiramos. No lugar dos conceptos escollidos deberemos indicar entre {}:




1. A ponderación, é dicir, un número que indica o valor (se todas teñen o mesmo valor)
2. O tipo de resposta en maiúsculas entre ":"
 - a. :MULTICHOICE:
 - b. :SHORTANSWER:

c. :NUMERICAL:

3. As respostas erróneas precedidas de "~"
4. As respostas correctas precedidas de "~="
5. Se queremos indicar un valor (tanto por cento) en función da resposta debemos indicar un número entre %.
6. Tamén podemos engadir un comentario de retroalimentación logo da resposta a continuación do símbolo #.

Exemplo de sintaxe: {Valor da resposta:TIPO DE RESPONSTA: ~resposta errónea ~%percentaxe%reposta parcialmente correcta#comentario# ~=resposta correcta}

Nas imaxes pode verse un exemplo e o resultado.



Escolla múltipla

É unha pregunta que presenta varias respostas das que se debe escoller unha ou varias que son as correctas.

Logo de establecer os parámetros xerais (nome da pregunta, enunciado, etc.) deberemos indicar as respostas e a súa puntuación en porcentaxe o que nos permitirá indicar se é a correcta (100%) ou se é unha errónea e queremos penalizar a posibilidade de acerto aleatorio (-25% no caso de catro respostas cunha única correcta).

Nas imaxes pódese ver un exemplo e como se visualizaría.

The image shows a screenshot of a question editor interface. At the top, there are settings for 'Unha ou varias respostas?' (Set to 'Só unha resposta') and 'Barallar respostas?' (checked). Below this, the question type is set to 'Escolla 1'. The 'Resposta' field contains '...o carbono 6 por baixo do plano.' and 'Cualificación' is set to '-25 %'. The 'Retroalimentación' field contains a text editor with the text: 'A serie L é a que ten o carbono 6 por baixo do plano xa que na [proxección de Fischer está á esquerda](#) por definición. 😊'. The question title is 'Nome da pregunta*' (Ex2 Múltiple1) and the category is 'Predefinido'. The question text is 'A α -D glicopiranososa ten...'. The interface includes a toolbar with various editing options like bold, italic, underline, and link.

Escolla 2

Resposta: ...o OH do carbono 1 cara abaixo
Cualificación: 100 %
Retroalimentación: [Moi ben!](#) 😊

Escolla 3

Resposta: ...o OH do carbono 1 cara arriba
Cualificación: -25 %
Retroalimentación: Entón sería [beta](#).

Escolla 4

Resposta: ...o OH do carbono 6 á esquerda
Cualificación: -25 %
Retroalimentación: O carbono 6 non é asimétrico polo que non hai estereoisómeros. ¡Resposta absurda!

1 A α -D glicopiranososa ten...

Notas: -/1

Escolle unha resposta.


- a. ...o OH do carbono 1 cara arriba
- b. ...o carbono 6 por baixo do plano.
- c. ...o OH do carbono 1 cara abaixo
- d. ...o OH do carbono 6 á esquerda


Enviar

Resposta breve


É unha cuestión que require dunha resposta breve que deberá escribir o alumno ou alumna. Para a súa corrección automática faise evidente que deberemos indicar cal é a resposta (con todas as posibles variantes) que se espera introduza o alumnado. Pódese utilizar, por exemplo, para dar unha definición e indicar ao alumnado que responda co concepto definido.

Na imaxe temos un exemplo coa corrección automática feita.



1  Como se denomina o software co que xestionamos a aula virtual do noso centro?

Notas:
0.5/1

Resposta: 

Fáltalle un ollo ao nome!

Parcialmente correcto
Notas para este envío: 0.5/1. Este envío foi penalizado con 0.1.

Numérico

O mesmo que o anterior pero espérase que o alumnado introduza un número como resposta e para a corrección automática podemos establecer un marxe de erro.


Preguntas aleatorias de resposta breve exacta

Trátase dun tipo de pregunta que xera unha de tipo emparellado a partires das preguntas de tipo resposta breve existentes na categoría actual e seleccionadas aleatoriamente. É dicir, crea unha pregunta para emparellar utilizando preguntas de tipo breve que nós lle indiquemos (e que deben estar feitas previamente) escollendo aleatoriamente un número delas que tamén lle indicamos no momento de creala.

Verdadeiro/Falso

É como as de escolla múltiple pero con só dúas opción que determinan se o enunciado é verdadeiro ou falso.

Na imaxe vemos un exemplo deste tipo de pregunta.



1 A desnaturalización das proteínas ten lugar cando se rompen os enlaces peptídicos.

Notas:
-/1

Resposta: Verdadeiro
 Falso

Importar e exportar preguntas

Moodle permite realizar as operacións de importación e exportación dos seus bancos de preguntas. Isto permite traballar con outras aplicacións e intercambiar preguntas con outros profesores, outras plataformas, etc.... A operación de exportación permite xerar o arquivo en varios formatos e a operación de importación nalgúns máis. A continuación trataremos os formatos máis comúns en que se poden tipificar as preguntas.

Formato GIFT

É o formato máis utilizado en Moodle. Permite especificar case todos os tipos de preguntas estándar usados en Moodle e pode manipularse doadamente cun editor de textos sen formato, como Notepad, pero indicando a codificación correcta (UTF-8).

Un exemplo de arquivo no que podemos visualizar a sintaxe dos distintos tipos de preguntas admitidos é o seguinte:

```
// Exemplo de ensaio (non se visualiza na pregunta)
```

```
::Cuest1::[html](non é necesario se non utilizamos códigos html)Escribe o nome das biomoléculas inorgánicas e orgánicas que forman parte dos organismos vivos.{
```

```
// Exemplo de emparellamento
```

```
::Cuest2:: Indica cales son bioelementos primarios e cales secundarios.{
```

```
=N -> Primario
```

```
=C -> Primario
```

```
=H -> Primario
```

```
=O -> Primario
```

```
=Ca -> Secundario
```

```
=Na -> Secundario
```

```
=Fe -> Secundario (oligoelemento)
```

```
}
```

```
// Exemplo de inserida
```

```
// CLOZE type is not supported
```

```
// Exemplo de escolla (1 resposta)
```

```
::Cuest3::[html](necesario porque a continuación aparece código html)<font size\="4" face\="Times New Roman">¿Que é un micrómetro?</font>{
```

```
~%-25%Un protozoo
```

```
=A millonésima parte dun metro
```

```
~%-25%A dezmilésima parte dun metro
```

```
~%-25%A milésima parte dun metro
```

```
}
```

// Exemplo de escolla (2 respostas)

```
::Cuest4::[html]<p>Marca as frases erróneas\:</p>{
```

~%50%Todos os seres vivos están formados por órganos.

~%-33.333%Hai organismos vivos formados por unha única célula.

~%50%Os microorganismos son todos unicelulares.

~%-33.333%A célula realiza todas as funcións vitais.

~%-33.333%Unha molécula é a combinación de dous ou máis átomos.

```
}
```

// Exemplo de verdadeiro/falso


```
::Cuest5::[html]As biomoléculas son as moléculas que forman parte dos organismos vivos.{TRUE}
```

// Exemplo de verdadeiro/falso

```
::Cuest6::[html]A célula do debuxo é unha célula vexetal porque carece de cloroplastos.{FALSE}
```

Formato inseridas

Xa que co anterior formato non poden ser importadas deberemos facelo con este. A sintaxe é a vista para este tipo de pregunta. Lembrar sempre gardar coa codificación UTF-8.



Formato HOT POTATOES

Fai uso dos arquivos de preguntas xerados con Hot Potatoes, nos seus diferentes formatos. En función do tipo utilizado en Hot Potatoes obterase un resultado diferente na conversión.

- JCloze: Pregunta de respostas aniñadas (Cloze).
- JMix: Non é compatible.
- JCross: Cada entrada do encrucillado será unha pregunta de resposta curta
- JMatch: Pregunta de emparellamento.
- JQuiz: Pregunta de opción múltiple.

Formatos BLACKBOARD, WEBCT, LEARNWISE E EXAMVIEW

Son formatos específicos doutras plataformas LMS que permiten compatibilizar as preguntas. Non é necesario coñecer a sintaxe xa que as plataformas encárganse de xestionar a importación e exportación das preguntas desexadas.

Resto de formatos

Non se aconsellan por ser obsoletos, redundantes ou complexos.

Incorporar preguntas ao cuestionario

Unha vez que se crearon as preguntas, necesitamos agregalas ao cuestionario. Premendo sobre a icona (1) << agréganse preguntas individuais ao cuestionario. Tamén podemos seleccionar varias preguntas marcando as celas (2) que aparecen á esquerda da lista das preguntas e premer despois o botón *Engadir ao cuestionario* que figura ao final da lista: así agregaranse todas á vez. Se desexamos agregar todas as preguntas, utilizaremos a ligazón *Seleccionar todo*. Unha vez que agreguemos unha pregunta ao cuestionario, aparece no lado esquerdo da pantalla na lista *preguntas neste cuestionario*. A pregunta segue sendo seleccionable á dereita, pero só podemos agregala ao cuestionario unha vez. Se seleccionamos a mesma pregunta da lista de categorías outra vez para agregala ao cuestionario, non sucederá nada.

The screenshot displays the Blackboard LMS interface for managing questions. The top navigation bar includes 'Cuestionario', 'Preguntas', 'Categorías', 'Importar', and 'Exportar'. The main content area is split into two panels:

- Preguntas neste cuestionario:** A table listing questions with columns for 'Orde', 'Nome da pregunta', 'Tipo', 'Cualificación', and 'Acción'. A 'Gardar modificacións' button is at the bottom. Checkboxes for 'Mostrar quebras de páxina' and 'Mostrar a ferramenta de reordenación' are also present.
- Banco de preguntas:** A section for selecting questions to add. It includes a 'Categoría' dropdown (set to 'Tema2'), a 'Crear nova pregunta' section, and a list of questions with 'Acción' and 'Tipo' columns.

Red arrows and numbers (1-7) highlight specific UI elements and actions as described in the text.

Unha vez que agreguemos as preguntas ao cuestionario podemos cambiar a orde das preguntas facendo clic nas iconas en forma frecha (3), no lado esquerdo da lista das preguntas do cuestionario. Igualmente, podemos quitar unha pregunta do cuestionario utilizando a icona >> (4). Tamén podemos determinar a cualificación de cada pregunta. Podemos asignar a puntuación en cada pregunta na columna *Cualificación* do cuestionario (5). Isto permítenos fixar o peso relativo de cada pregunta no cuestionario. Debemos fixar tamén a cualificación máxima do cuestionario completo (6). Isto non ten que ser igual á suma das cualificacións das preguntas individuais. As cualificacións acadadas polos estudantes serán extrapoladas segundo a cualificación máxima. Despois de axustar as cualificacións das preguntas individuais debemos facer clic en *Gardar cambios*.

Moodle proporciona unha ferramenta para facilitar a ordenación das preguntas do cuestionario que se activa mediante a celda de verificación *Mostrar a ferramenta de reordenación* (7). Esta ferramenta mostra campos de número de liña na cabeceira de a lista de preguntas. Estes números de liña van de 10 en 10, de modo que queda espazo para poder inserir preguntas. Podemos seguidamente reordenar as preguntas cambiando os números de liña e facendo clic en *Gardar cambios*. As preguntas ordenaranse de acordo aos números de liña especificados. Tamén se asignan números de liña aos saltos de páxina, o que permite moverse entre páxinas do mesmo xeito. Se deixamos sen marcar a opción *Mostrar saltos de páxina*, non veremos os saltos de páxina e os números correspondentes non se mostrarán, o que explica os saltos na secuencia de números de liña que observaremos en dito suposto.

Previsualización do cuestionario e revisión

Nesta vista, vemos o cuestionario da mesma forma que o ve o estudante. A única diferenza é que debaixo de cada número de pregunta aparece unha pequena icona sobre a que podemos facer clic para ir directamente á páxina de edición de preguntas para editar esa pregunta en concreto. Esta característica resulta moi interesante, toda vez que podemos corrixir posibles erros nas preguntas directamente na páxina de previsualización. Dende esta vista podemos contestar o cuestionario. Ao final deste, atopamos tres opcións:

estructura [] e se están formados por material [] protexido por unha capa protectora denominada []. Só teñen en común co resto dos organismos vivos a súa capacidade de [], e non a poden realizar por si mesmos. Por isto deben [] unha célula viva.

9 Cales son as principais actividades humanas que ameazan as especie?
Notas: 3


Escolla polo menos unha resposta.

- a. Alteración e destrución dos hábitats
- b. Contaminación das augas e da atmosfera
- c. Explotación excesiva de recursos
- d. Introducción de especies invasoras
- e. Aumento da actividade volcánica
- f. Competencia entre especies autóctonas

- *Gardar sen enviar*, que garda as respostas sen envalas.
- *Enviar páxina* (opcional), que envía só unha determinada páxina do cuestionario.
- *Enviar todo e terminar*, que garda todo o cuestionario.

Cando o cuestionario teña activado o Modo adaptativo, os estudantes (e os profesores e profesoras) verán un botón *Enviar* adicional en cada pregunta que lles permite dar varias respostas a unha pregunta mesmo no intento actual de resolución do cuestionario, podendo ter penalizacións por cada intento. Ao resolvelo, indícarase que intento se está a realizar e abrírase a páxina de revisión. Nesta páxina, móstranse, na parte superior, a puntuación xeral lograda (porcentaxe das respostas acertadas) e unha revisión de cada unha das preguntas, nas que se indica se a resposta é correcta, parcialmente correcta ou incorrecta, xunto coa puntuación obtida.

Revisión da tentativa 1

	Manuel
Comezado en:	Sábado, 22 de Outubro de 2011, 09:54
Completado en:	Sábado, 22 de Outubro de 2011, 10:16
Tempo empregado:	22 mins 11 segundos
Puntuación bruta:	11/15 (73%)
Cualificación:	73.33 dun máximo de 100

1 A α-D glicopiranososa ten...

Notas: 1

Escolla unha resposta.

- a. ...o carbono 6 por baixo do plano. ✗
- b. ...o OH do carbono 1 cara arriba ✗
- c. ...o OH do carbono 6 á esquerda ✗
- d. ...o OH do carbono 1 cara abaixo ✓ Moi ben! 😊

Correcto

Notas para este envío: 1/1.

Facer un comentario ou anular a cualificación

A ficha Resultados permítenos revisar os resultados obtidos polos estudantes. Infórmanos de cantos usuarios o completaron e cantos intentos totais se rexistraron ata o momento. Esta pestana inclúe varias sub_pestanas:

Vista xeral
Cualificar novamente
Cualificación manual
Análise do elemento

24 Estudantes xa realizou 46 tentativas

Resultados
Previsualización
Editar

Pregunta1

Método de avaliación: A cualificación máis alta

24 Estudantes xa realizou 46 tentativas



Xa está identificado como [Alberto Ahadín Cid](#) (Sair)

a) **Vista xeral.** Contén unha lista cos intentos de resolver o cuestionario realizados polos estudantes. A información mostrada é, polo menos, a seguinte:

Nome : **Todos** [A](#) [B](#) [C](#) [D](#) [E](#) [F](#) [G](#) [H](#) [I](#) [J](#) [K](#) [L](#) [M](#) [N](#) [Ñ](#) [O](#) [P](#) [Q](#) [R](#) [S](#) [T](#) [U](#) [V](#) [W](#) [X](#) [Y](#) [Z](#)
 Apelido : **Todos** [A](#) [B](#) [C](#) [D](#) [E](#) [F](#) [G](#) [H](#) [I](#) [J](#) [K](#) [L](#) [M](#) [N](#) [Ñ](#) [O](#) [P](#) [Q](#) [R](#) [S](#) [T](#) [U](#) [V](#) [W](#) [X](#) [Y](#) [Z](#)

Páxina: 1 2 3 4 5 (Seguinte)

	Nome / Apelido	Comezado en	Completo	Tempo empregado	Cualificar/10
<input type="checkbox"/>	 [Redacted]	19 de Decembro de 2012, 11:15	19 de Decembro de 2012, 11:16	40 segundos	10
<input type="checkbox"/>	[Redacted]	15 de Xaneiro de 2013, 17:41	15 de Xaneiro de 2013, 17:42	1 min 5 segundos	6.5
<input type="checkbox"/>	 [Redacted]	19 de Decembro de 2012, 11:19	19 de Decembro de 2012, 11:19	28 segundos	5
<input type="checkbox"/>	 [Redacted]	19 de Decembro de 2012, 11:19	19 de Decembro de 2012, 11:19	29 segundos	0
<input type="checkbox"/>	[Redacted]	19 de Decembro de 2012, 11:21	19 de Decembro de 2012, 11:22	32 segundos	10
<input type="checkbox"/>	 [Redacted]	21 de Decembro de 2012, 17:06	21 de Decembro de 2012, 17:06	30 segundos	2.5
<input type="checkbox"/>	 [Redacted]	21 de Decembro de 2012, 15:35	21 de Decembro de 2012, 15:38	2 mins 20 segundos	2.5
<input type="checkbox"/>	 [Redacted]	18 de Decembro de 2012, 18:04	18 de Decembro de 2012, 18:05	21 segundos	7.5
<input type="checkbox"/>	[Redacted]	18 de Xaneiro de 2013, 13:31	18 de Xaneiro de 2013, 13:31	30 segundos	7.5
<input type="checkbox"/>	[Redacted]	18 de Xaneiro de 2013, 13:32	18 de Xaneiro de 2013, 13:32	21 segundos	7.5

Páxina: 1 2 3 4 5 (Seguinte)

[Seleccionar todo](#) / [Deixar todo sen seleccionar](#) Con seleccionados ▾

[Descargar en formato ODS](#) [Descargar en formato Excel](#) [Descargar en formato de texto](#) ⓘ

Mostrar opcións:

Tentativas mostradas por páxina:

Mostrar Estudantes con tentativas unicamente ▾

Mostrar detalles das notas

[Ir](#)


- 1) Nome/Apelido.
- 2) Comezado en: mostra a hora exacta en que se comezou a resolver.
- 3) Completo: mostra a hora de finalización do cuestionario.
- 4) Tempo empregado: cantidade de tempo empregado en resolvelo.
- 5) Cualificar/x: puntuación obtida (x é o máximo posible; na imaxe é 10).

Por defecto, móstranse todos os estudantes que intentaron resolver o cuestionario, pero pódense cambiar os axustes de visualización seleccionando outra opción da lista despregable da parte inferior da páxina e pulsando en *Ir*. Hai catro opcións dispoñibles:

- **Mostrar Estudiantes con tentativas unicamente (na imaxe):** a lista incluirá a todos os estudantes do curso que realizasen o cuestionario.
- **Mostrar Estudiantes sen tentativas unicamente:** a lista incluirá unicamente aos estudantes do curso que aínda non fixeron ou completaron o cuestionario.
- **Mostrar estudantes:** unha lista de todos os usuarios que accederon ao curso non importando se fixon a proba ou non.
- **Mostrar todas as tentativas:** suma das dúas primeiras opcións.

Podemos acceder á revisión do cuestionario dun alumno ou alumna directamente premendo sobre a súa cualificación.

- b) **Cualificar novamente.** Esta opción recalculará as cualificacións do cuestionario se cambiamos os puntos posibles do cuestionario ou dalgunha/s pregunta/s.
- c) **Cualificación manual.** Dende esta pestana pódense cualificar manualmente todas as preguntas de tipo ensaio.



- d) **Análise do elemento.** Esta táboa presenta os datos procesados do cuestionario co fin de poder analizar e xulgar o desempeño de cada pregunta de cara á avaliación.

P#	Texto da pregunta	Texto da resposta	crédito parcial	R. Contaxes	R.%	% Utilidade Correcta	SD	Índice Disc. ↑	Coef. Disc.
(29)	Ex2 VF 2 : A glicosa é un azucre redutor	Verdadeiro	(1.00)	78/86	(91%)	91%	0.292	0.98	0.64
		Falso	(0.00)	4/86	(5%)				
(28)	Ex2 VF 1 : A quitina é un disacárido presente nas células vexetais.	Verdadeiro	(0.00)	4/86	(5%)	93%	0.256	0.98	0.63
		Falso	(1.00)	80/86	(93%)				
(27)	Ex2 Emparellado 1 : Relaciona as funcións,	Polisacárido de reserva nos							

Preme na imaxe para saber máis